



## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2018

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as dezanove horas do día vinteseis de Outubro de dous mil dezaioito, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde. D. Luís Lisardo Santos Ares e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

##### Concelleiros:

D. José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

D. Alfonso Ríos Santos. ( PSdeG-PSOE).

D. Germán Astray Maceiras. ( PSdeG-PSOE).

D. José Antonio Espiño Rodríguez (Grupo municipal Popular).

D<sup>a</sup>. Victoria Veiga Mejuto (Grupo municipal Popular).

D<sup>a</sup>. María Jesús García Souto (Todos por Sobrado).

D. Ángel López Fidalgo (Todos por Sobrado).

#### Ausentes:

D. Juan Aller Penas (concelleiro non adscrito).( Incorporase a 19: 05 horas)

##### Secretaria:

María Balsa Mosquera .

Aberto o acto, procédese a deliberar sobre os asuntos do orde do día:

#### **1º. APROBACIÓN DAS ACTAS DE 4 DE XULLO DE 2018 E 11 DE OUTUBRO DE 2018.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro ten que facer alguna rectificación ás actas.

Non presentándose ninguna, resultan aprobadas as duas actas por unanimidade.



## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

### 2ª. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESIGNACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA 2019.

O Sr. Alcalde propón como festivos locais para o ano 2019 os días 5 de marzo, martes de carnaval, e 16 de setembro, que é o luns seguinte á festa dos Dolores. Explica que tradicionalmente poñíase o día de San Pedro, pero este ano cae sábado. Engade que se propón o día 16 de setembro porque os Dolores é unha festividade que engloba a tódalas parroquias, e que se celebra no centro do pobo, e que os veciños queixanse cando se pon como festivo o santos dunha parroquia concreta.

D<sup>a</sup>. María Jesús García explica que ó seu grupo o día 16 de setembro non lle gusta, porque se trata do luns despois da festa,. Engade que outros anos designouse festivo o luns das Pías, o luns de San Vitorio, que eran os días propios da festa dalgunha parroquias, e fíxose coa idea de ir rotando cada ano unha festividade das distintas parroquias.

O Sr. Alcalde pídelo que faga unha proposta en concreto, reiterando D<sup>a</sup>. María Jesús que lle da igual un festivo que outro, sempre que se siga o criterio de ir alternando cada ano os festivos según as festas das distintas parroquias.

Incorporase á sesión D. Juan Aller Penas sendo ás 19:05.

O Sr. Espiño que sendo festivo o día seguinte á festa, pódese aproveitar máis a festa o domingo, sobre todo os nenos, e que para poder alternar os festivos das distintas parroquias habería que sacar tamén o martes de carnaval.

Debatida suficientemente a proposta, procédese á votación, adoptándose co voto favorable dos concelleiros D. Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE), D. José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE), D. Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE), D. Germán Astray Maceiras. (PSdeG-PSOE), D. José Antonio Espiño Rodríguez (Grupo municipal Popular) , D<sup>a</sup>. Victoria Veiga Mejuto (Grupo municipal Popular) e D. Juan Aller Penas ( concelleiro non adscrito) e a abstención dos concelleiros D<sup>a</sup>. María Jesús García (Todos por Sobrado) e D. Ángel López Fidalgo( Todos por Sobrado), o seguinte acordo:

“Vista o disposto no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de julio, sobre Regulación da xornada de Traballo, Xornadas Especiais e Descansos, que sinala que : “serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada Municipio, determinándose pola autoridade laboral competente -a proposta do Pleno do Concello correspondente...”.

En uso das atribucións que establece o artigo 22.2 q da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, O Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO: Designar como festivos locais para o ano 2019 os seguintes:

- 5 de Marzo de 2019 (martes de Entroido).
- 16 de Setembro de 2019.

SEGUNDO: Notificar a Consellería de Economía, Emprego e Industria.”



## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

### 3ª. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO ALCALDE E RETRIBUCIÓNS.

A secretaria da lectura a proposta de acordo:

“Visto o expediente tramitado para a aprobación da dedicación exclusiva do Alcalde do Concello de Sobrado, incluído os informes de secretaría e intervención.

Vista as múltiples actuacións que se queren desenvolver, os numerosos servizos existentes, as constantes xestións e viaxes representativos que o Alcalde ten que facer ante distintos organismos e o amplo abanico de proxectos que esta Corporación ten previsto desenvolver, que existen unha dedicación exclusiva por parte do Alcalde do Concello á dito cargo.

Visto o indicado no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e tendo en conta o desposto nos artigos 75 bis e ter do devandito texto legal, o Pleno da Corporación acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar que o cargo de Alcaldía realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, establecendo unha retribución bruta anual de 32.000 €, que se percibirán en catroce pagas de 2.285,71€, doce correspondentes as diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Coporación o pago das cuotas empresariais que corresponda.

**SEGUNDO.** Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Asi mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica dste Concello (dirección <https://sede.sobrado.es>).

**TERCEIRO.** Notificar o devandito acordo aos interesados e ao servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos”

D<sup>a</sup>. María Jesús Veiga sinala que o seu grupo votará a favor, porque considera que un alcalde debe ter un salario, aínda que lle parece que o proposto é excesivo, cando ela era alcaldesa as propostas de soldo eran máis baixas, replicando o Sr. Alcalde que as dúas dedicacións parciais propostas pola exalcaldesa superaban os 34.000€.

D<sup>a</sup>. María Jesús García explica que se trataba de dúas dedicacións parciais, pero cunha xornada bastante superior a un 50% e que estaban no concello moito máis tempo do que correspondía a unha dedicación parcial.

Debatido suficientemente o asunto, procédese á votación, adoptándose por unanimidade dos concelleiros o seguinte acordo:

“Visto o expediente tramitado para a aprobación da dedicación exclusiva do Alcalde do Concello de Sobrado, incluído os informes de secretaría e intervención.

Vista as múltiples actuacións que se queren desenvolver, os numerosos servizos existentes, as constantes xestións e viaxes representativos que o Alcalde ten que facer ante distintos organismos e o amplo abanico de proxectos que esta Corporación ten previsto desenvolver, que existen unha dedicación exclusiva por parte do Alcalde do Concello á dito cargo.

Visto o indicado no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e tendo en conta o desposto nos artigos 75 bis e ter do devandito texto legal, o Pleno da Corporación acorda:



## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

**PRIMEIRO.** Aprobar que o cargo de Alcaldía realice as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, establecendo unha retribución bruta anual de 32.000 €, que se percibirán en catroce pagas de 2.285,71€, doce correspondentes as diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e darlle de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Coporación o pago das cuotas empresariais que corresponda.

**SEGUNDO.** Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Asi mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica dste Concello (dirección <https://sede.sobrado.es>).

**TERCEIRO.** Notificar o devandito acordo aos interesados e ao servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos"

### 4º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dase conta ós concelleiros das resoluciones de Alcaldía-Presidencia : da n.º 133 á n.º 220.

D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta, en relación ca modificación de crédito pola que se destinan 159.000€ do POS a financiar gasto corrente, qué obras se deixaron de facer, respondendo o Sr. Alcalde que ese tema xa se tratou no Pleno do mes de maio, pero que agora non o recorda, pero xa lle dará os datos. D<sup>a</sup>. María Jesús García engade que agora o Alcalde sí ve a necesidade de financiar gasto corrente co POS, cando antes o criticaba.

D<sup>a</sup>. María Jesús García reitera que se entregue a documentación e datos do Pleno anterior, que todavía están pendentes. En relación o decreto de readmisión da traballadora Ana Souto, quere que conste que a sentenza de 25 de Maio de 2018 pon que se estima parcialmente a demanda, se declara improcedente o despido, debendo o Concello aboar os salarios de tramitación a razón de 100,54 euros diarios, e pode optar entre readmitir á traballadora ou abonar a indemnización por despido improcedente por importe de 33.203,21€, é dicir, que non era obrigatorio como di o Decreto readmitila, senón que era unha opción, e así se decidiu polo Alcalde e con data 1 de Agosto de 2018, dous meses despois da sentenza..

Responde o Sr. Alcalde que efectivamente é así, e optouse pola readmisión, porque xa se pagaran uns 17.000€ cando a exalcaldesa a despediu, e se se optaba polo despido agora, había que abonar outros 17.000€ máis de indemnización. A readmisión pospúxose á data de finalización do contrato da empresa externa contratada pola anterior alcaldesa, non habendo partida presupuestaria para outro contrato. Engade que se non se reincorporaba a traballadora tamén cabía a posibilidade de que a traballadora recurrese a sentenza e conseguise un despido nulo, porque o despido estaba mal feito.

D<sup>a</sup>. María Jesús García se queixa de que no procedemento xudicial a ela, que era a alcaldesa no momento do despido, ninguen lle preguntou nada sobre os motivos do despido ou os feitos e probas que tiña, nin sequera por parte do abogado que defendía o Concello e que se lle ocultou todo o procedemento, Responde o Sr. Alcalde que o caso o levou un abogado coñecido que foi quen decidiu cómo se levaba o caso.



## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

D. Ángel López interven para explicar que no seu día, antes do despido, propúxose contratar un equipo para reforzar a área de urbanismo, e o concelleiro que entonces se encargaba das obras dixo que non era preciso.

Tras varios intervencións sobre o asunto, o Sr. Alcalde explica que él e quen dirixe a sesión e non se pode estar 40 minutos falando sobre un decreto do que se da conta, así que deben ir rematando as intervencións sobre este asunto.

D<sup>a</sup>. María Jesús García di que no 2018 só se deron 9 licencias, replicando o Sr. Alcalde que ela como alcaldesa só concedeu unha licencia no 2017, porque as outras xa estaban listas para firmar, e que no 2016 concedéronse moitas máis. D<sup>a</sup>. María Jesús García pide que conste en acta que eso foi debido a que no ano 2016 se ampliou o prazo para as subvencións de medio rural, e aclara o Sr. Alcalde que esa ampliación de prazo foi debida ó cambio da lei do solo de Galicia, pola que houbo que adaptar todos os proxectos de obra.

D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta si xa se lle deron ó concelleiro Espiño o informe sobre as licencias concedidas co informe da empresa externa que solicitara, respostando D. José Antonio Espiño que sí, pedindo ela que se lle facilite tamén e que se incluan todos os traballos que fixeron, non só os informes das licencias.

D<sup>a</sup>. María Jesús García pide que conste en acta que hai unha licencia concedida en día 18 de Outubro, sendo o prazo máximo para a concesión de subvención na Consellería de Medio Rural o día 15 de Outubro, polo que probablemente que o veciño perda a subvención. O Sr. Alcalde explica que non se poido facer antes porque faltaba documentación, preguntando D<sup>a</sup>. María Jesús García se estaba toda a documentación o día 18, respostando o Sr. Alcalde que non, que faltaba a autorización de Augas de Galicia.

### 5º. MOCIÓNS

NON SE PRESENTAN.

### 6º. ROGOS E PREGUNTAS

Non se presentan rogos.

Preguntas:

- D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta polo orzamento municipal, xa que no anterior Pleno dixo que estaba casi listo, e que xa ve que non ten interés en coñecer as propostas que poda facer o seu grupo. Responde o Sr. Alcalde que no próximo Pleno se traerá e que as propostas que ese grupo poida facer en relación a elaboración do orzamento non lle interesan, pedindo D<sup>a</sup>. María Jesús García que conste en acta.

- D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta polo grado de execución das obras do POS 2017 e 2018.

Responde o Sr. Alcalde que o POS 2017 está feito, falta o POS 2018 máis o complementario do 2017,

D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta pola pista que vai de Samil a Nogueira, que solo está rebacheada. Responde o Sr. Alcalde que se fixo un rebacheo por si acaso cando empezase o inverno aínda non estivera a obra contratada,

4.D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta pola fonte das Cruces. O Sr. Alcalde di que no escrito presentado solicitan un informe técnico –xurídico, e aclara que para iso fai falta que o solicite un tercio dos concelleiros. Pregunta qué lle pasa á fonte das Cruces, respostando D<sup>a</sup>. María Jesús García que quere saber si hai autorización dos veciños e se se pediu autorización a Patrimonio. Responde o Sr. Alcalde que ese terreo está expropiado e que conta coas autorizacións necesarias pertinentes.



## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

3. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta se hai autorización de Patrimonio para instalar as barandillas da Igrexa de Roade, respostando o Sr. Alcalde que non é necesario, porque non é unha obra nova, é mantemento. D. Alfonso Ríos intervén para manifestar que cando María Jesús foi alcaldesa en 14 meses non se fixo ningunha obra, e que agora en poucos meses xa se fixeron varias, respondendo a concelleira que non podía porque a secretaria non facía os informes, os membros da xunta de goberno non viñan as sesións, nin os concelleiros o Pleno.

4. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta si houbo problemas este verano co tema da auga. Responde o Sr. Alcalde que sí, a principios de agosto escaseou a auga nos depósitos de Pousada e Campelo, e houbo que facer tres pozos, dous en Campelo e un en Pousada. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta si teñen as autorizacións necesarias, respostando o Sr. Alcalde que sí, pedindo D<sup>a</sup>. María Jesús que se lle faciliten.

D<sup>a</sup>. María Jesús García di que cando tiveron a reunión deixou un listado das licencias, das obras, das xestións realizadas en materia de auga. Responde o Sr. Alcalde que de Augas de Galicia en este tempo ó Concello só chegou unha autorización para un filtro no depósito de Sobrado e unha autorización para a reparación dunha captación en Pousada.

O Alcalde explica que está facendo un proxecto de 540.000€ para legalizar toda a auga, facendo unha captación de auga do río Mandeo cunha estación de bombeo ao depósito do Campelo, se ben de momento non ten financiación para executalo. D<sup>a</sup>. María Jesús García pide ver ese proxecto antes de que se contrate. O Alcalde dí que o pida por escrito, respondendo D<sup>a</sup>. María Jesús García que xa vai constar a solicitude na acta do Pleno, e non ten porque volver a pedilo.

5. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta polo proceso de legalización do punto limpo en qué punto está. Responde o Sr. Alcalde que todavía non sabe qué sanción se vai imponer ao Concello, porque houbo unha persoa, a anterior alcaldesa, que solicitou unha vista de comprobación sen ter todo rematado. Replica D<sup>a</sup>. María Jesús García que ela non solicitou unha visita de comprobación, o que fixo foi presentar un proxecto de legalización dunha obra que levaba 20 anos sen legalizar. O Sr. Alcalde di que dende o Concello se solicitou esa visita de comprobación, e cando viñeron da Xunta estaba sen terminar. A día de hoxe xa ten as portas, polo está máis cerca de legalidade. Engade que cando chegou a alcaldía o camiño do punto limpo está cheo de basura, e os operarios case non tiñan por donde pasar o depósito de auga, e mandouno limpar no verano de 2015, e hai fotos e facturas ó respecto, e tamén lle puxo un horario de apertura, que antes non tiña. D<sup>a</sup>. María Jesús García dílle o Alcalde que está mentindo, e o Sr. Alcalde di que non lle consinte que lle chame mentiroso, porque él foi quen limpou o punto limpo

5. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta en qué estado está a denuncia recibida no Concello do servizo de protección da natureza contra D. José Antonio Veiga Sánchez, respostando o Sr. Alcalde que xa lle contesta no próximo Pleno. D. José A. Veiga responde que tivo que pagar unha sanción de 5.000€, e D<sup>a</sup>. María Jesús García di que quere saber o motivo da sanción. D<sup>a</sup>. María Jesús García pide que conste en acta as palabras que di D. José Antonio Veiga “se che vexo facer fotos alí, saes quente”.

O Sr. Alcalde pide que se calmen os ánimos e continúa o Pleno.

6. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta en qué punto está a redacción da ordenanza de protección de camiños, contestando o Sr. Alcalde que para o seguinte Pleno lle responde.

7. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta cómo está a modificación do PXOM, respostando o Alcalde que está enviada no mes de xullo e que hai que esperar resposta. D<sup>a</sup>. María Jesús García pide unha copia da mesma.

8. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta polo estudo de redución de impostos municipais, respostando o Sr. Alcalde que no mes de novembro probablemente se aproba a baixada do IBI, non houbo tempo a facelo antes, entre os cambios de secretario, posterior baixa, búsqueda dun novo secretario que está en acumulacion, etc





## CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

---

9. D<sup>a</sup>. María Jesús García pregunta pola contratación do asesor xurídico externo. Responde o Sr. Alcalde que se contratou por tres meses cando colleu a baixa o anterior secretario, porque non se sabía canto se iba a tardar en atopar novo secretario.

10. D<sup>a</sup>. María Jesús García da a noraboa porque ve que se mantiveron algúns dos cambios que eles introduciron na festa da troita e na festa do outono. Responde o sr. Alcalde que de moitos temas das festas e culturais encargase o persoal municipal, non as decide só o Alcalde, pedindo D<sup>a</sup>. María Jesús García que conste en acta.

11. D<sup>a</sup>. María Jesús García reitera que se lle conteste as preguntas que fan e que se dé a información solicitada. D<sup>a</sup>. María Jesús García pide que conste en acta que no período que foi alcaldesa era moi difícil sacar calquer proxecto, porque nunca tiñan apoio dos outros grupos municipais, a secretaria non facía os informes, a técnica tampouco, non había colaboración, mentras que o seu grupo sí vota a favor daqueles asuntos que propón o Alcalde e que considera positivos para os veciños.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo ás vinte horas e cinco minutos, o Sr. Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

A SECRETARIA

O ALCALDE.

Asdo.: María Balsa Mosquera Asdo.: D. Luis Lisardo Santos Ares

*Documento asinado electrónicamente nada data que figura ao marxe.*